

Apresentación

Neste núm. 29 do Boletín de EsCULcA damos noticia en primeiro lugar do envío de varios escritos do noso observatorio ao *Defensor del Pueblo* e ao xuíz Grande Marlaska en relación con a alegada vulneración de dereitos de persoas sob custódia do estado, así como de un extenso e documentado relatório sobre a grave situación que se vive no C.P. de Teixeiro desde a súa fundación en 1998. Tamén informamos da primeira asemblea da *Fundación Galega contra a Impunidade*.

En **Análises e Relatórios** publicamos tres artigos sobre outros tantos asuntos polémicos. No primeiro ("Investigar os crimes do franquismo?"), a autora, Mónica Zapico, repasa os puntos fulcrais da controversia xerada pola tentativa de investigación destes crimes no Reino de España e na Arxentina. No segundo ("Un estado aconfesional?"), Laureano Xoaquín Araújo Cardalda resume en 12 puntos os máis flagrantes incumprimentos simbólicos do mandado constitucional que obriga o estado a non asumir confesión relixiosa algunha en nengunha dimensión. No terceiro ("É viaxar un delito?"), Sara Carou García reflicte sobre as abusivas medidas de control implantadas nos aeroportos e mostra a ilegalidade de algunhas intervencións practicadas por empresas de seguraza privadas.

En **Breves**, recolleemos diversos textos que revelan aspectos da cooperación militar e tecnolóxica de Israel con a UE e o Reino de España cuxa difusión os poderes públicos procuran evitar. Tamén recolleemos información sobre a recentemente constituída Cámara de Comercio Galicia-Israel e o proxecto de introducir os ritos *kosher* nos matadouros galegos, así como algunhas noticias relacionadas con a marcha da campaña global de Boicote, Desinvestimento e Sanción contra Israel.

Informamos igualmente da ofensiva de apropiación de bens públicos desenvolvida pola igrexa católica nos últimos anos a raíz da publicación do Real Decreto 1867 de 1998; dos abusos presumiblemente cometido contra menores nun centro privado de Ourense subsidiado pola Xunta; das comprometedoras revelacións de un dossier esquecido pola Guarda Civil no decurso de un operativo; da resolución do TEDH a favor do xornalista José Luís Gutiérrez no seu litixio contra a sentenza que o declarava culpábel de violar a honra do rei Hassan II de Marrocos; da proxección en Lisboa do documentario *Rocío*, censurado no Reino de España desde hai 30 anos e da detención de Bradley Manning, o oficial dos servizos de intelixencia estado-unidense que difundiu documentos que revelan a crueldade das prácticas do exército invasor no Iraque.

Finalmente, en **Biblioteca**, publicamos a recensión do libro de Antonio Míguez Macho sobre o xenocidio galego, *O que fixemos en Galicia*, I Premio ex aequo de Investigación Alexandre Bóveda.

DENÚNCIA AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Con data 20 de Abril, o Presidente de EsCULcA, Fernando Martínez Randulfe, dirixiu-se à oficina do *Defensor del Pueblo* para requerer deste organismo a abertura das dilixencias necesarias que permitan determinar o acontecido o pasado 8 de Abril nos calabouzos da Audiencia Provincial da Coruña e no Centro Penitenciario de Teixeiro cando Sergio Polo, interno deste centro, foi alegadamente agredido con brutalidade por dous axentes da Guarda Civil perante varias testemuñas (outros axentes, funcionarios de prisión e internos).

O Sr. Polo teria sido vítima de unha primeira agresión en extremo violenta nos calabouzos da Audiencia Provincial da Coruña, onde esperaba ser trasladado ao C.P. de Teixeiro, despois de pasar unha revisión médica nun centro hospitalario da cidade, e unha segunda no módulo de ingresos do mencionado centro. As brutais agresións provocaron serias secuelas físicas, algunha delas obxectivadas en parte de lesións emitido polo médico do cárcere.

No seu escrito, o Presidente de EsCULcA lembra que a Institución do *Defensor del Pueblo* español foi nomeada polo Goberno do estado como responsable do Mecanismo para a prevención da tortura e ten portanto a obrigaçión de impedir que se produzan no territorio de todo o Reino de España feitos como os denunciados polo Sr. Polo, salientando que ten para iso atribucións e competencias de controle e vixilancia, sen condicións nen límites, e a obrigaçión de investigar de inmediato calquer denuncia de feitos como os descritos.

Por agora, EsCULcA non recibiu resposta algunha que confirmase a recepción do escrito nen, loxicamente, a abertura das dilixencias solicitadas.

RELATÓRIO AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Tamén ao *Defensor del Pueblo* e igualmente en virtude da súa condición de Mecanismo de Prevención da Tortura, enviou o Presidente de EsCULcA o pasado 7 de Xuño un amplo relatório sobre a situación que desde a súa entrada en servizo se vive no Centro Penitenciario de Teixeiro.

No documento descreven-se diversos feitos que foron obxecto de denuncia por internos deste penal, alegadamente cometidos por funcionarios destinados no centro, que pola súa natureza poderían ser calificados como delitos de tortura, contra a integridade moral, rigor desnecesario e lesións..

O relatório centra-se en episodios moi graves acontecidos entre os anos 2006 e 2008, aínda que se consigna así mesmo

un mais recente de que EsCULcA tivo coñecemento despois de iniciada a redacción do dossier (en Maio de 2010). Referen-se tamén diversos antecedentes do ano 1999, apenas un ano despois da entrada en servizo do penal no ano 1998.

Por último, descreve-se a resposta xurisdiccional ás denuncias que se formularon polos feitos obxecto do relatório e faise unha serie de propostas de actuación às autoridades con competencias nos feitos que se relatán.

O Relatório foi posteriormente enviado ao Valedor do Pobo e aos tres grupos do Parlamento galego, con cuxos responsables EsCULcA mantivo hai meses entrevistas en que se tratou, entre outras cousas, a situación que se vive neste centro penitenciario. Igualmente reclamou EsCULcA naquelas entrevistas o establecemento de un mecanismo que garanta a asistencia letrada de oficio às persoas internas e a transferencia dos servizos sanitarios ao rexime xeral (como prescreve a lei), medidas que poderían contribuir a evitar abusos e limitaría a impunidade de que parecen gozar hoxe os funcionarios penitenciarios.

ESCRITO A GRANDE-MARLASKA

A raíz da detención de tres advogados vascos o pasado mes de Abril, Nemésio Barxa, Presidente de EsCULcA-Xustiza, dirixiu-se ao maxistrado Grande-Marlaska para transmitir a preocupación do colectivo de xuristas do noso Observatorio por se esas detencións pudesen estar motivadas polo exercicio da súa función profesional de defensa, preocupación acentuada polas circunstancias en que se produciu a detención e o rexisto dos seus gabinetes profesionais.

No seu escrito, o Presidente de EsCULcA-Xustiza solicitava do maxistrado o cesamento inmediato da incomunicación dos tres letrados por incompatible con os dereitos fundamentais recoñecidos polos convenios internacionais; o respecto do segredo profesional posto en perigo polos rexistos policiais e a posta inmediata dos detidos a disposición do xulgado.

FUNDACIÓN CONTRA A IMPUNIDADE

O pasado 30 de Maio reuniu-se em Compostela o padroado da Fundación Galega contra a Impunidade Fernando Pereira, recentemente constituída, cuxo propósito é combater a impunidade dos criminais de lesa humanidade tal como se establece nos artigos 2 e 3 dos seus estatutos.

“Art. 2.- Son obxectivos da Fundación, exclusivamente, combater a impunidade dos criminais de lesa humanidade que

teñan, en calquera forma, tomado parte no xenocidio do que somos vítimas os galegos, xunto aos demais cidadáns da república española, perpetrado polo réxime franquista e todos os seus colaboradores, así como instar xudicialmente tamén a persecución de todos os criminais de lesa humanidade que teñan participado en calquera forma na violencia xenocida exercida polas ditaduras sudamericanas (Arxentina, Chile, Uruguay...), e asimismo, no seu caso, constitúe obxecto da fundación combatir a impunidade de quen participara en calquera forma ou grao en crimes contra a humanidade cometidos en calquer parte do mundo e sexan quen fosen as vítimas.

Polo seu carácter exclusivamente dirixido á esixencia de responsabilidades xurídicas de todo orde, aos causantes de delitos de xenocidio ou de lesa humanidade, a fundación non se adscribe a ningunha ideoloxía determinada, nin poderá servir outros fins ca os expresados no parágrafo anterior, sen que iso signifique renuncia á participación que na vida pública lle co-

responda como entidade social, a través das canles que establece a lexislación vixente en cada momento.

Art. 3.- En cumprimento dos seus obxectivos, a Fundación creará e sosteirá os instrumentos necesarios de apoio xurídico, humano e político ás vítimas de xenocidio e delitos de lesa humanidade, en tódolos procedementos seguidos na actualidade, ou que se poidan iniciar diante dos tribunais da República arxentina (tanto referidos ao xenocidio causado polo réxime franquista, como aos ocasionados polas ditaduras sudamericanas), na Audiencia Nacional española, nos tribunais chilenos e uruguaios, así como diante de calquera xurisdicción, de calquera país, na que se investiguen ou poidan chegar a depurarse calquera tipo de responsabilidades derivadas da comisión de delitos contra a humanidade."

Nesta primeira reunión, o padroado acordou a formación de diversas comisións de traballo (Xurídica, Investigación, Comunicación,...) para levar a bon termo os obxectivos marcados.

ANÁLISES E RELATÓRIOS

INVESTIGAR OS CRIMES DO FRANQUISMO? Algunhas cuestións suscitadas ó fío da querela presentada en Arxentina

Mónica Zapico Barbeito

No medio dun intenso debate medial no que expertos, asociacións e diversas personalidades da cultura teñen discutido sobre a conveniencia ou non de investigar os crimes cometidos durante a Guerra Civil española e a ditadura franquista, o pasado 14 de abril un grupo de xuristas e asociacións de dereitos humanos presentou unha querela en Arxentina para que os tribunais deste país abran a investigación dos crimes franquistas en virtude do exercicio da xurisdicción universal. Esta querela, que ten xerado tantas críticas como encomios, presenta algunhas cuestións controvertidas que merecen ser tidas en consideración.

Foi un xenocidio?

A primeira cuestión que xera controversia é a cualificación que se fai na querela dos crimes cometidos polo franquismo como un xenocidio. É máis que discutida esta cualificación como xenocidio, porque a doutrina nacional e internacional, así como diversos tratados, incluído o Estatuto de Roma, apuntan a persecución de grupos políticos como un crime contra a hu-

manidade que non estraría dentro do tipo de xenocidio, que se circunscribe exclusivamente como a persecución dun grupo nacional, relixioso, étnico ou racial. Non obstante, o certo é que cada vez son máis a voces (incluída a do Relator Especial das Nacións Unidas sobre o Xenocidio, Benjamin Whitaker) que reivindican que a intención de destruír total ou parcialmente grupos políticos non se pode excluír da categoría de xenocidio.

Sexa como for, pódase cualificar ou non xuridicamente como xenocidio, o certo é que o réxime franquista levou a cabo un plan sistemático de exterminio que pretendía a eliminación de todo aquel que seguise a causa republicana, buscando acabar cos "outros", o inimigo que era necesario aniquilar e erradicar da sociedade. Aínda máis en Galicia onde non houbo guerra armada e máis de 5000 galegos foron fusilados e soterrados en cunetas ó longo de toda a nación. Así, como exemplo que evidencia esta intención de erradicar todo o grupo de defensores ou partidarios da República está o secuestro masivo de nenos, "os nenos perdidos do franquismo", como un mecanismo de destrución dos "roxos" para depurar a raza apartándoos das súas familias.

Pode a xustiza española xulgar os crimes do franquismo?

Antes de entrar a considerar a competencia de Arxentina sobre os crimes cometidos na ditadura española, é necesario facer algunhas breves referencias ó debate interno de se se

pode ou non xulgar os crimes do franquismo segundo o ordenamento xurídico español.

Para negar a posibilidade de perseguir os crimes franquistas pola xustiza española arguméntase que non son crimes contra a humanidade, pois no ordenamento xurídico español introduciuse esta categoría delituosa no código penal no 2003, polo que de cualificar estes crimes como crimes contra a humanidade estaríase vulnerando o principio de legalidade, e máis en concreto o principio de irretroactividade das leis penais desfavorables ó reo. Deste xeito, os crimes cometidos non estarían amparados pola imprescritibilidade dos crimes contra a humanidade, porque cando se cometeron non estaban tipificados como tal e, ó seren homicidios e secuestro básicos, estarían xa prescritos, o que impediría a súa persecución penal. Ante isto arguméntase que non hai que esquecer que os delitos séguense cometendo na actualidade, porque as desaparicións forzadas son delitos de efectos permanentes, é dicir, o delito consévese cando se produce a desaparición pero prolóngase e non prescribe ata que se determina o paradiro das persoas desaparecidas, polo que non só os delitos que agora se pretende xulgar non prescribiron, senón que nen sequer terían comezado os prazos de prescripción para eles.

Non obstante, se pode ser discutible a posibilidade de cualificar como crimes contra a humanidade os crimes do franquismo (unha discusión a día de hoxe aberta entre a doutrina penalista e internacionalista), e por tanto perseguilos como tal, non é obxecto de discusión que a xurisdición universal exercida por terceiros estados é, e debe ser, allea a calificación que dentro do propio estado se faga dos crimes cometidos e, así mesmo, das limitacións que este estado teña para poder xulgalos derivadas do seu ordenamento xurídico.

Por esta razón é imprescindible a actuación de terceiros estados (neste caso Arxentina pero benvidos serían todos aqueles estados que teñan esta competencia e obriga de perseguir a impunidad) que “axuden” o estado español nas súas limitacións internas para xulgar os crimes contra a humanidade cometidos, pois precisamente o principio de xurisdición universal ven garantir a xustiza cando un estado non pode ou non quere perseguir os crimes cometidos dentro das súas fronteiras.

A Lei de amnistía de 1977, un impedimento?

Outro dos argumentos para negar a posibilidade de perseguir os crimes do franquismo en España é a existencia da Lei de Amnistía de 46/1977, de 15 de outubro, que impediría xulgar os crimes cometidos. Non obstante, as leis de amnistía non só están prohibidas constitucionalmente e internacionalmente, senón que a propia lei non ampara en todo caso a impunidad porque no seu artigo 1.c) exclúe de entre os actos susceptibles de seren amnistiados aqueles que teñan suposto unha violencia

grave, contra a vida ou a integridade da persoas. Así pois, o problema é que está sendo interpretada como unha lei de punto e final -o que xa ten sido posto de manifesto e criticado polo Comité Internacional de Dereitos Humanos en 2008-, pretendendo deste xeito pechar con impunidad e esquecemento este funesto período da historia do estado español. Como tamén puxo de manifesto Amnistía Internacional, o factor determinante que xerou a imposibilidade de que toda pretensión de xustiza chegase a bo porto non foi a existencia da lei de amnistía senón toda unha serie de formalismos xurídicos que teñen impedido que se faga xustiza.

Neste punto, non debemos esquecer que esta interpretación equivocada e *contra legem* de lei de amnistía non só está evitando a persecución penal dos crimes contra a humanidade cometidos, senón que está servindo para amparar unha querela de prevaricación. Paradóxicamente, o que algúns entenden como produto da “imaxinación creativa” dun xuíz, é a interpretación correcta da lei, e os argumentos que sustentan a querela por prevaricación son precisamente unha interpretación errónea que transforma unha lei de amnistía nunha lei de punto final.

No obstante, que exista ou non en España unha lei de amnistía ou de punto final, non impide o exercicio da xurisdición universal por parte de terceiros estados. Pola contra, o establecemento de leis de amnistía é un factor claro de impunidad que obriga os estados competentes a exercer a xurisdición universal. Opoñerse agora á querela en Arxentina argumentando que existe una lei de amnistía en España, pedindo respecto ó ordenamento xurídico español, non tería sentido cando o estado español perseguiu os crimes contra a humanidade cometidos fora das súas fronteiras aínda cando no estado de comisión existía unha lei de amnistía. Precisamente, no estado onde se presenta a querela, Arxentina, existía unha Lei de Obediencia Devida e Punto Final cando os tribunais españois exerceron a xurisdición universal para perseguir as desaparicións forzadas ocorridas durante a ditadura arxentina, leis que foron obviadas porque así o esixe o exercicio da xurisdición universal.

Arxentina pode e debe exercer o principio de xurisdición universal?

O principio de xurisdición universal atopa o seu fundamento na especial e extrema gravidade dos crimes e no menoscabo dos valores fundamentais que estes ocasionan, de xeito que o ataque transcende as vítimas e calquera interese particular estatal por afectar o conxunto da comunidade internacional. O estado que exerce esta competencia actúa como membro ou axente da comunidade internacional defendendo os seus intereses xurídicos, entre os que se atopa a loita contra a impunidad dos crimes contra a humanidade.

Agora que o estado español ten abandonado a senda da xurisdición universal despois da modificación do artigo 23 da Lei Orgánica do Poder Xudicial que limita e case elimina esta competencia do noso ordenamento xurídico, Arxentina toma a testemuña ante a impunidade alarmante dos crimes franquistas. Do mesmo xeito que a xustiza española exercitou a competencia universal en Arxentina, entendendo que os crimes que alí se cometeran transcendían das competencias xurisdicionais exclusivas arxentinas por afectaren a humanidade no seu conxunto, agora dende Arxentina búscase loitar contra a impunidade existente no estado español durante máis de setenta anos.

Resultaría paradoxal criticar as investigacións que se pretenden levar a cabo en Arxentina en virtude do exercicio de xurisdición universal cando o estado español exerceu acertadamente esta xurisdición no seu momento. E foi un acerto non só porque os crimes contra a humanidade deben ser perseguidos sexa cal for o lugar de comisión ou autor do delito, senón porque as causas abertas en España tiveron outro efecto positivo que foi o de servir de revulsivo para que Arxentina modificase a súa lei e derogase a Lei de Obediencia Debida e Punto Final que impedían a persecución penal e investigación das desaparicións forzadas cometidas dentro das súas fronteiras.

Nesta mesma liña, hai moitas voces que critican o exercicio da xurisdición universal por parte de Arxentina, cuestionando non só a competencia senón a propia lexitimidade dun país cun pasado de impunidade. Á marxe de que na actualidade en Arxentina si se están perseguindo os crimes cometidos durante a ditadura arxentina, a persecución dos crimes contra a humanidade non esixe unha sorte de lexitimidade moral para facelo porque, como dicimos, no exercicio da xurisdición universal procúrase a loita contra a impunidade e a defensa dos dereitos humanos á marxe de intereses particulares e circunstancias específicas do estado, inclusive o seu propio pasado. Por certo, e seguindo esa argumentación, o estado español tampouco tería tido no seu momento ningunha lexitimidade moral para perseguir os crimes cometidos en Chile e Arxentina con ese terrible pasado de absoluta impunidade as súas costas, e poucos son os que a día de hoxe critican estas actuacións da xustiza española.

Aínda máis, criticar as causas abertas en Arxentina ven confirmar os argumentos errados de quen pensa que España si ten *autoritas* para vulgar os crimes contra a humanidade cometidos nunha ex colonia, pero Arxentina carece desa potestade nunha ex metrópole. Ante esta argumentación que entende a xustiza universal como unha sorte de “imperialismo universal”, non podemos máis que preguntarnos que lexitimou o estado es-

pañol a investigar os 30.000 desaparecidos en Arxentina, cando en España se estima que hai máis de 150.000, máis ca todos os desaparecidos en Sudamérica, ostentando o triste *record* de ser o segundo país do mundo con máis desaparecidos despois de Camboxa, e que fai que Arxentina careza agora desta lexitimación.

É necesario exercer o principio de xurisdición universal?

O estado español, que presume dunha transición á democracia modélica, decidiu que a estabilidade e o esquecemento debían primar sobre a xustiza. Decidiu que non era necesario atopar os desaparecidos, reparar as vítimas, coñecer a verdade do que ocorrera ou depurar responsabilidades de todos os que dunha ou outra forma participaron nos crimes da ditadura, non só militares, senón tamén ministros franquistas e mesmo xuíces, confundindo así a necesidade de paz e estabilidade tras unha dura ditadura con unha alternativa á verdade e á xustiza. O estado español esqueceu así que o proceso de reconciliación nunca debe ser unha escusa para a impunidade dos crimes cometidos nin para a violación dos dereitos á verdade, xustiza e reparación das vítimas.

Resulta evidente que eses dereitos non se obteñen coa adopción por parte do estado de leis de amnistía, xa que a débeda coas vítimas de crimes contra a humanidade non pode ser cancelada por actos do estado de perdón ou esquecemento. Nin tampouco cunha Lei de Memoria Histórica que non só foi insuficiente -pois non satisfizo nin tan sequera medianamente as esixencias de esclarecemento de verdade, xustiza e reparación que as vítimas teñen formulado ó longo dos anos-, senón que perpetúa o esquecemento dos crimes cometidos. Durante anos o estado español desatendeu as súas obrigas nacionais e internacionais de iniciar unha investigación oficial, de oficio e independente dos crimes contra a humanidade ocorridos durante a Guerra Civil e o posterior período franquista, o mesmo tempo que ignorou estes dereitos das vítimas á verdade, xustiza e reparación.

Como vemos, despois da inactividade durante anos da xustiza e o goberno español e tralo inicio do procesamento penal por prevaricación ó xuíz Garzón por tratar de investigar os crimes franquistas, parece máis que necesario esta querela presentada en Arxentina. Nunha situación de total impunidade, e trala recente persecución penal e criminalización das investigacións que ten pechado definitivamente as portas a que ningún xuíz no estado español queira, poida ou se atreva a perseguir os crimes franquistas, a querela en Arxentina é algo máis que un feito simbólico, máis ca unha controversia pasaxeira: é unha esperanza de xustiza.

Se estas querelas en Arxentina tivesen éxito –ten sido recentemente rexeitada pero xa se presentou un recurso, estimándose que será revocada esta decisión- e se levase a cabo a

apertura das investigacións, poderíanse esclarecer os feitos producidos e exhumar os cadáveres dos desaparecidos coas garantías que o procedemento ofrece para poder dar as familias por fin un digno adeus. Sendo optimistas, xa sería todo un éxito que estas querelas tivesen o mesmo efecto que tiveron no seu momento as querelas iniciadas en España pola comisión de crimes contra a humanidade en Arxentina: a apertura das investigacións por parte do estado español e a consciencia de que estes crimes non poden quedar impunes.

UN ESTADO ACONFESIONAL? ¹

Laureano Xoaquín Araujo Cardalda

Podemos tentar dar unha posíbel resposta a esta pregunta coa seguinte lista:

- a) En primeiro lugar, as manifestacións confesionais católicas da xefatura do Estado (Juan Carlos de Borbón e os seus descendentes casaron en cerimonia de Estado oficiadas segundo o rito católico, *v.g.*).
- b) En segundo lugar, a toma de posesión do presidente do Goberno de España e dos ministros diante dun exemplar da *Biblia* e un crucifixo². Nestes actos cabe o uso de diferentes fórmulas: por unha parte, para os católicos, o *xuramento*, e, por outra parte, para os que non se manifestan como católicos, a *promesa*. A toma de posesión do presidente do Goberno de España e dos ministros ten lugar na sala de audiencias do palacio de La Zarzuela. Nunha mesa sitúanse a Constitución, un crucifixo -que representa a execución de Xesús de Nazaret- e un valioso exemplar da *Biblia* -de 1791, que pertenceu ao rei Carlos IV- aberto polo libro titulado "Números" (cuxo capítulo 30, por certo, contén unha pormenorizada e patriarcal regulación do valor das manifestacións da vontade da muller). Estes dous últimos elementos, propios do universo simbólico católico, mesmo se colocan cando *ningún* dos integrantes do Goberno de España xura o seu cargo, como aconteceu despois das eleccións lexislativas xerais do 9 de marzo de 2008. Que pasaría se alguén pedise expresamente a retirada dos símbolos católicos ou a presenza de símbolos doutras confesións? Curiosamente, a propia norma xurídica que regula esta toma de posesión non alude en ningún momento á colocación de símbolos relixiosos no lugar no que se realiza o acto, polo que estaríamos perante unha moi discutíbel pero significativa decisión protocolaria. Dun modo similar, o 21 de xullo de 2008 os membros do Estado Maior da Defensa tomaron posesión,

no patio de armas do Ministerio de Defensa, diante dunha Constitución, un exemplar da *Biblia* e un crucifixo.

- c) En terceiro lugar, a presenza dos membros dos gobernos de España e autonómicos, os alcaldes, os concelleiros e demais autoridades en todo tipo de manifestacións relixiosas celebradas en espazos públicos. En Galiza, por exemplo, sobrancean a procesión do Cristo da Vitoria en Vigo e o Voto da Virxe do Rosario na Coruña.
- d) En cuarto lugar, a participación das forzas de orde pública e das forzas armadas en procesións católicas. En moitas destas procesións interprétase o himno nacional español.
- e) En quinto lugar, a consagración das forzas armadas á virxe do Pilar.
- f) En sexto lugar, a presenza institucionalizada de curas en cuarteis, hospitais e centros penitenciarios. Nestes momentos hai uns 69 sacerdotes católicos que traballan como capeláns no Servizo de Asistencia Relixiosa das forzas armadas. O arcebispo castrense ten categoría de xeneral de división. Ademais, a virxe María goza de rango militar e é patroa de armas e corpos do exército, e existe a chamada *pascua militar*. Un problema recentemente debatido nos medios de comunicación é o da participación de capeláns nos comités asistenciais de ética nos hospitais públicos. É lícito, desde un punto de vista laico, que un representante da corporación católica sexa membro, como tal, nun órgano encargado de emitir recomendacións para a resolución das dúbidas éticas xurdidas na práctica médica? Se contestamos afirmativamente, estamos recoñecéndolles aos curas, como tales, a condición de expertos en cuestións éticas? E se respondemos negativamente, estamos atentando contra o pluralismo moral negándolle a palabra a un representante da confesión relixiosa maioritaria entre os pacientes?
- g) En sétimo lugar, a fixación do calendario laboral e escolar cunha moi especial atención ás celebracións relixiosas católicas. O estudo dos últimos calendarios laborais da Comunidade Autónoma de Galiza revela que a maior parte das festas laborais previstas son celebracións católicas. Desde o punto de vista da análise de xénero, é especialmente interesante reparar no feito de que o Día da Muller non é festa laboral, mais si o é o da *inmaculada concepción da virxe María*. No ámbito escolar pode constatar-se que máis de catro de cada cinco días de vacacións escolares dentro do período de actividades lectivas corresponden a celebracións católicas; a estes días hai que lles sumar as festas previstas no calendario laboral, así como as festas laborais de carácter local que coincidan no período de actividades lectivas.
- h) En oitavo lugar, a utilización de santos e virxes como patróns oficiais de cidades e vilas. Aquí tamén poderíamos mencio-

¹ Este texto foi extraído do artigo "El Xacobeo 2010: una aproximación politológica al año santo compostelano", publicado na *Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas*, vol.8, núm.2, 2009, pp.53-68. Pódese consultar en liña no seguinte enderezo: <http://redalyc.uaemex.mx/src/inicio/ArtPdfRed.jsp?iCve=38011900004>

² Tamén o presidente da Xunta de Galiza, Alberto Núñez Feijóo, tomou posesión do seu cargo, o 19 de abril de 2009, ante unha cruz e coa man dereita colocada enriba dun exemplar da *Biblia*.

nar a utilización de símbolos católicos con fins cívicos, como acontece, *v.g.*, no caso do escudo de Galiza.

- i) En noveno lugar, o uso de espazos gratuítos nas televisións públicas, sobre todo por parte da corporación católica (programas confesionais, retransmisión de cerimoniais relixiosas os domingos e durante a semana santa, etc.).
- j) En décimo lugar, a simboloxía católica aínda presente en moitos espazos públicos. É interesante atopar testemuños de bispos católicos que avogan abertamente pola presenza pública de símbolos católicos aducindo razóns dificilmente compatíbeis co carácter supostamente aconfesional do Estado e descubriendo un grave defecto argumental de cara a algúns dos posibles problemas aos que España terá que se enfrontar como país de inmigración. Así, por exemplo, o prelado Asenjo Pelegrina opina: “Persoalmente estou en contra da eliminación dos crucifixos na escola pública, nos hospitais e nos cárceres se os usuarios destes servizos ou seus pais, no caso dos nenos, desexan manter estes símbolos. É un dereito que nace da mesma liberdade relixiosa. O que non parece de recibo é que haxa que retirar un crucifixo, símbolo dos sentimentos máis nobres, a piedade, a compaixón e o amor máis grandes, porque un pai ou dous así o decidan. E porque estou en contra da eliminación unilateral dos crucifixos, tamén estou en contra de que se impida o uso do veo na escola, que en definitiva é outro símbolo relixioso”.
- k) En undécimo lugar, os funerais de Estado, celebrados segundo o rito católico. Así aconteceu despois do atentado do 11 de marzo de 2004 en Madrid, a pesar de moitas das vítimas non pertenceren á igrexa católica. O último exemplo é o funeral de Estado que tivo lugar o 8 de maio de 2008, polo ex presidente do Goberno de España, Leopoldo Calvo Sotelo, falecido o día 3. A cerimonia, exclusivamente católica e *oficiada polo arcebispo* de Madrid e presidente da Conferencia Episcopal, Antonio María Rouco Varela, celebrouse na catedral de La Almudena de Madrid coa *asistencia* do xefe do Estado e das máximas autoridades parlamentarias e gobernamentais. Nin o xefe do Estado nin o xefe do Goberno de España *presidiron* a cerimonia. Case non se suscitou un debate público sobre a conveniencia de separar o funeral de Estado, libre de connotacións confesionais, dunha eventual cerimonia católica privada. Tamén se celebran segundo o rito católico os funerais polos soldados mortos en acto de servizo ou con ocasión doutros feitos lutuosos de alcance público.
- l) E en duodécimo lugar, por suposto, e como xa sinalamos, a intervención solemne do xefe do Estado ou dun delegado rexio, como tales, na chamada *ofrenda nacional ao apóstolo* que ten lugar en Santiago de Compostela.

É VIAXAR UN DELITO?

Sara Carou García

É viaxar en avión un delito? O feito de que un cidadán teña un billete dunha aerolínea convérteo, de seguido, nun perigoso criminal que debe de ser despois dos seus dereitos fundamentais?. Estas son as cuestións que diariamente deben ser obxecto de reflexión de millares de persoas que pasan polos aeroportos do moi democrático Reino de España.

Seguramente todos e todas nós fomos protagonistas, máis dunha vez, da seguinte escena: despois de estar varios minutos agardando fileira para acceder á zona de embarque, atopámonos na entrada cun vixiante de seguranza que nos ordena que depositemos os nosos obxectos metálicos (reloxo, pulseiras, chaves, moedas...) nunha bandexa xunto coas chaquetas, abrigos, bufandas e demais roupa de “evidente perigosidade” que poidamos portar. Así mesmo, no caso das mulleres, será probable que a devandita orde sexa extensíbel ao noso calzado, pois semella que unhas botas con cuña ou unhas sandalias de tacón implican un grave risco para a indemnidade dos pasaxeiros e da tripulación dun avión -por certo, fronte ao ‘calzado masculino’-. Unha vez despois dos de parte das nosas prendas e obxectos persoais, somos cominados a pasar por baixo dun arco de detección de metais, podendo sermos sometidos, a continuación, a un *cacheo* a maos do persoal de seguranza privada contratado no aeroporto, de xeito arbitrario e con independencia de que saltase ou non a alarma do tal arco detector.

Perante un contexto como o exposto, as máis e os máis cinéfilos evocamos escenas coñecidas de filmes como “*A Fuga de Alcatraz*”, “*Papillón*” ou “*Brubaker*”, e é que a entrada na zona de embarque dun aeroporto é equipárel, nesta orde de cousas e nos últimos tempos, ao ingreso no cárcere que protagonizaron os grandes Clint Eastwood, Dustin Hoffman e Robert Redford. Eles, ao igual que os viaxeiros, víanse sometidos a minuciosos rexistros polo persoal das penitenciarías, xa que eran considerados como perigosos criminais. Mais no caso dos pasaxeiros a criminalidade non é unha certeza senón unha hipótese, unha presunción que, no entanto, dá lugar a unha intervención desproporcionada sobre as e os usuarios dos aeroportos, violándose parte dos nosos dereitos por parte do servizo de seguranza privada. Continuando co similar cinematográfico: son os vixiantes privados unha sorte de alcaides todopoderosos destes peculiares cárceres momentáneos nos que se teñen transformado os aeroportos, máxime após o traxicamente famoso 11-S?.

Nas seguintes liñas exporemos cal é a regulamentación actual que fai o ordenamento xurídico da seguranza na aviación civil e cal é o papel atribuído na mesma á vixilancia privada.

A competencia en materia de custodia de aeropuertos

Segundo o art. 12.1.b) da Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo de Forzas e Corpos de Seguraza, é a Garda Civil quen ten atribuída a competencia en materia de custodia de aeropuertos.

A aparición da vixilancia privada ten lugar a finais da década dos noventa. O 29 de xuño de 1999 o Ministerio do Interior asinou un Convenio en materia de seguraza aeroportuaria co Ente Público Aeropuertos Españóis e Navegación Aérea (AENA) que na súa estipulación cuarta crea o Departamento de Seguraza de AENA, integrado por vixiantes privados, e ao que, textualmente, se lle atribúen as seguintes funcións:

“O mencionado persoal, que dependerá do Departamento de Seguraza de AENA, prestará a debida colaboración e apoio aos membros de las Forzas y Corpos de Seguraza do Estado, cando sexan requiridos para iso, no exercicio das competencias que lles son propias”.

Xa que logo, a entrada dos gardas privados nos aeropuertos prodúcese en calidade de auxiliares da Garda Civil, única competente neste eido, e non como substitutos da mesma.

Facultades e atribucións dos vixiantes de seguraza

A regulación básica do exercicio de actividades propias da vixilancia privada está recollida na Lei 23/1992, de 30 de xullo de Seguraza Privada. No art. 11 deste texto legal recóllese as funcións atribuídas a este persoal, entre as que non figuran nin os *cacheos*, nin os rexistros nin a retención da documentación, por incidiren estas actuacións sobre dereitos fundamentais dos cidadáns. Así o propio Convenio de 1999 entre o Ministerio do Interior e AENA dispón no seu punto 5°:

“Cando na prestación do servizo, o persoal de seguraza privada deba practicar algunha actuación que incida en el ámbito do exercicio dos dereitos fundamentais dos cidadáns, ou requira algún tipo de actuación para a que no sexa competente, aquel dará conta inmediata ás Forzas e Corpos de Seguraza do Estado, con competencia específica na materia, para que sexan estas quen practique as actuacións oportunas”.

Así, pois, conforme á Lei Orgánica (LO) 2/1986 e a LO 1/1992 sobre Protección da Seguraza Cidadá, as medidas que impliquen unha intervención sobre os dereitos fundamentais deben ser levadas a cabo por axentes da autoridade, condición que non posúen os vixiantes de seguraza, tal e como ten ditaminado o TS en numerosas sentenzas. Os únicos habilitados polo ordenamento xurídico para realizaren inspeccións materiais ou corporais son os membros das Forzas e Corpos de Seguraza do Estado español, sendo a Garda Civil o corpo competente para levar a cabo estas actuacións nos aeropuertos, do mesmo xeito que é o devandito instituto armado quen ten a potestade de limitar o acceso a zona de embarque mediante a retención da documentación identificativa dos pasaxeiros.

Así as cousas, todo pasaxeiro pode negarse a ser inspeccionado corporalmente por un garda privado, ao igual que pode rexeitar calquera orde relativa a abrir a súa equipaxe ou contrariar a orde de ficar detido en determinada zona do aeroporto mediante a retención do seu documento de identidade ou do seu pasaporte; pois tal e como vimos de sinalar, este persoal non dispón de maiores facultades para incidir na nosa intimidade material ou corporal, ou na nosa liberdade ambulatoria, das que poida ter calquera outro cidadán. Permitiríamos que un suxeito que nos atopamos pola rúa nos *cachease* e abra o noso bolso ou a nosa maleta?. Decerto que ante esta situación reclamariamos de xeito inmediato a presenza da policía, alén de recriminar contundentemente esta conduta, que identificaríamos claramente como lesiva para os nosos dereitos. Pois ben, por qué nos aeropuertos consentimos que un individuo viole a nosa privacidade material e corporal, sen solicitar a comparecencia da autoridade pertinente?

O problema estriba en que a maioría dos pasaxeiros e da cidadanía en xeral, recoñezámolo-, descoñecen cales son os seus dereitos e en que medida poden estar a ser estes limitados. A maiores aquelas persoas conscientes das súas facultades en canto que cidadáns dun estado autoproclamado de Dereito, atópanse ante unha difícil dicotomía: exercer o seu dereito a negarse a ser inspeccionados por un vixiante privado coa conseguinte perda do seu voo, ou claudicaren neste empeño, de defensa de dereitos básicos, cedendo as súas liberdades en favor do actual sistema de hiper-control, mais podendo realizar a viaxe previamente pagada.

AENA: un segundo lexislador?

É obvio que as medidas excesivas e abusivas de control, levadas a cabo polos vixiantes de seguraza nos aeropuertos, non son aplicadas polo mero capricho destes últimos, senón que responden a directrices que emanan de instancias superiores.

O Regulamento CE 2320/2002 do 16 de decembro relativo á seguraza da aviación civil previa a realización de controlos aleatorios de pasaxeiros e equipaxes, esta norma foi derogada polo Regulamento CEE 300/2008. Porén, AENA continúa a aplicar estas medidas, que carecen de amparo lexislativo algún.

Do mesmo xeito, a práctica habitual consistente en ordenar aos pasaxeiros que se descalcen antes de pasar polos arcos detectores carece de base legal, xa que non existe ningunha norma que recolla esta medida de controle.

Por outra banda, os protocolos deste ente público en materia de seguraza caracterízanse por un absoluto obscurantismo xa que non se atopa publicada en ningures.

O Regulamento CEE 272/2009, que completa o xa mencionado Regulamento 300/2008, indica, no seu Anexo A.1,

que os métodos destinados a garantir a seguraza nos voos comerciais son: os detectores de metais (tanto arcos como dispositivos de uso manual) e as equipas de detección de explosivos. Atendendo á especial sensibilidade do ámbito en que inciden estes mecanismos preventivos, isto é, os dereitos fundamentais, deberían prevalecer uns principios de intervención mínima e de

proporcionalidade, de forma que o rexistro e o *cacheo* só deberían efectuarse sobre aqueles pasaxeiros que despois de pasaren polos arcos detectores fixesen saltar as alarmas. En todo caso todas estas intervencións deberán ser levadas a cabo por aqueles corpos e profesionais cuxo salario contempla, entre outras, esta función, nomeadamente a Garda Civil.

BREVES

ALÉN DA OCUPACIÓN ¹

Jeff Halper

Durante décadas os movementos pola paz israelitas e internacionais ollaron para a ocupación de Israel, correctamente preocupados pola difícil situación dos palestinos e por como a ocupación exacerba un dos conflitos máis desestabilizadores do mundo, eludindo a pregunta crucial: Como consegue Israel facer sempre o que quer? Estamos diante de un caso de violencia desenfreada e represión que ten lugar na fronteira sul de Europa e que incluí violacións masivas dos dereitos humanos e do dereito internacional, así como o desafío de dúcias de resolucións da ONU. A ocupación endurece-se cando máis convencido está Israel de que nengunha presión efectiva para acabar con ela ou con o conflito en xeral virá da comunidade internacional -certamente non da UE, que hai tempo renunciou a toda responsabilidade e a pasou, como unha pataca quente, aos EUA. Por qué? Cal é a razón última da política de apaciguamento de Israel? As respostas parecen case evidentes: a culpa polo Holocausto en Europa (e, no Reino de España, pola expulsión dos xudeus nos séculos XV e XVI), a eficacia dos grupos de presión sionistas xudeus e cristiáns nos EUA e Europa, o feito de os países industrializados do Norte Global raramente, se é que algunha vez, se atacaren os uns aos outros desde a II Guerra Mundial e a percepción de que Israel é 'dos nosos' no Choque de Civilizacións. Mais se ben todas estas consideracións efectivamente poden desempeñar un papel, cumpre notar que os países basean a súa política exterior na *realpolitik*, en consideracións realistas dos seus propios intereses. Portanto, a pregunta debería ser: De que maneira favorece Israel o Reino de España, a UE, os EUA e outros para ser considerado un 'aliado' tan próximo? A resposta, diría eu, só pode ser deducida 'levantando o ollar' da ocupación, ollando a maneira como Israel se articula con a comunidade internacional.

Cando facemos isto, varias cousas saltan à vista inmediatamente. Primeiro e principal, Israel é o terceiro exportador mundial de armamento. Con 6.300 millóns de dólares en contratos militares en 2008, que representan máis do 10% do comercio mundial de armas, Israel está por detrás unicamente dos EUA e Rusia (as exportacións de 'defensa' do Reino de España son moi inferiores às de Israel). O seu principal cliente son os EUA, país en que participa no desenvolvemento de sofisticados sistemas de armas, mais, como demonstra este relatório, tamén fai negocios sólidos en Europa. Israel é o segundo fornecedor de armas à India e à China. Ao mesmo tempo, Israel está activo -directamente ou através de envíos de armas e treino- en todo o mundo empobrecido.

Todo isto debe preocupar-nos, claro, mais a verdadeira causa de preocupación é o nicho que Israel se construiu na vanguarda da tecnoloxía militar e a guerra moderna: os campos relacionados da contrainsurxencia, a luita antiterrorista e a guerra urbana, en definitiva, a guerra contra o povo. Aquí é onde a ocupación se articula con as guerras que o Norte Global realiza contra o Sul Global. A medida que as políticas económicas neoliberais se estenden fora dos EUA e Europa -causando un aumento da pobreza entre os habitantes do 'mundo en vías de desenvolvemento', que ven os seus recursos fluiren para os países industrializados- tamén se estenden as políticas de pacificación globais.

E quen ten máis experiencia no controle e pacificación de millóns de persoas inquietas e empobrecidas que Israel?

Situados nun contexto máis global, os Territorios Ocupados de Palestina comezan a parecer-se a un laboratorio para o ensaio de armas e tácticas, especialmente as de contra-insurxencia, que despois poden ser exportadas a países como o Reino de España. Cabe notar aquí que Israel exporta un sistema de pacificación 'integral'. Os estudos que, como este, se centran nos aspectos puramente militares do comercio de armas, deberían

¹. Do texto de Jeff Halper, "Levantando o ollar da ocupación". Prólogo ao relatório *España-Israel Relaciones en matéria militar, armamentística i de seguretat. Balanç i tendències* de Alejandro Pozo Marín, publicado Nova, Centre per a la Innovació Social e Centre d'Estudis per a la Pau J. M. Delàs Justicia i Pau (2010).

eventualmente alargar a súa perspectiva para incluír a participación israelita na seguranza interna dos países estranxeiros (controle de fronteiras, vixilancia, xestión das prisións, seguranza de aeroportos e seguranza urbana, entre outras aplicacións), así como a participación israelita nas forzas policiais nacionais e locais. O Reino de España non ten ameazas militares externas, mais, como participa nas guerras do Norte Global contra e entre os povos, cuxos recursos e vida política trata de controlar, e como está cada vez máis preocupado polas ameazas à seguranza interna de actores que xa non están na periferia do sistema mundial, a súa implicación con Israel nos ámbitos das armas, a seguranza nacional e a policía só pode medrar.

Todo isto, por suposto, é tamén un bon negocio, un Grande Negocio. Este relatório aborda adecuadamente a participación corporativa no financiamento e o desenvolvemento de novos sistemas armamentísticos, tanto no cadro das relacións España-Israel como en consorcios maiores.

Non só os palestinos pagan o prezo destes proxectos conxuntos senón que todos os cidadáns preocupados polas liberdades civís deberían tomar nota da crecente ameaza da militarización e a pacificacións tamén no seu país, sobretudo considerando que o medo aos Outros é utilizado para promover gastos e programas militares / de seguranza / policiais. No sentido de que moitos de nós podemos ser obxectivo no futuro, como son hoxe os residentes de Gaza, Nablus e Hebrón, todos somos verdadeiramente palestinos.

Oxalá que este relatório sirva para abrir os ollos da sociedade civil, formular preguntas e, finalmente, influir na política do Goberno español para un maior compromiso na resolución dos problemas do mundo e unha menor contribución à súa militarización e inxustiza.

ESPAÑA E ISRAEL ASINAN CONVÉNIO MILITAR ²

Pere Ortega

A ministra de Defensa, Carme Chacón, asinou en Madrid o pasado 15 de Marzo con o seu homólogo israelita Ehud Barak un Convénio para impulsar a cooperación e o intercambio tecnolóxico en materia de defensa entre os dous países. O convénio foi mui eloxiado polo ministro israelita Barak e fornecerá o "cadro xurídico" para as futuras relacións bilaterais en materia de colaboración en defensa, principalmente en materia de intercambios en I+D militar.

É esta a primeira vez que un ministro de Defensa de Israel visita oficialmente o Reino de España para facer evidente

algo que a opinión pública non sabía: que existen frutíferas relacións comerciais entre as industrias militares españolas e as israelitas. Intercambio baseado sobretudo na transferencia de tecnoloxía militar que beneficia as dúas partes, nomeadamente Israel, dado que este país ten tecnoloxía militar moito máis avanzada. Na actualidade, a maioría dos intercambios entre os dous países consisten no envío de componentes de armas españolas para a súa transformación nas industrias de guerra israelitas. Componentes que despois retornan e son integrados nos grandes proxectos militares do Reino de España, como o avión de combate Eurofighter, mísiles, o os helicópteros Tigre, entre outros.

A noticia non debería estrañar-nos, dado que o estado español mantén en todos os ámbitos comerciais excelentes relacións con Israel. Mais dói. Dói-nos porque no fin de contas ven constatar o dobre moral do goberno que, se por unha banda censura o excesivo uso da forza que utiliza Israel nos territorios ocupados de Palestina e os ataques a Gaza de Decembro de 2008, pola outra mantén un frutífero intercambio de tecnoloxía de guerra.

E aínda hai máis. Durante a visita, Ehud Barak entrevistou-se con o ministro de asuntos estranxeiros español, Miguel Moratinos, quen expresou a Barak o desexo do goberno español, que aínda pode ser unha realidade, da existencia de un estado palestino que axude a pacificar a rexión. Cumpre preguntarmo-nos se a transferencia de tecnoloxía militar é a mellor maneira de axudar a pacificar a rexión. É que talvez no futuro o Reino de España vai establecer tamén convénios militares con o estado palestino? Talvez, apesar de todo, venderá armas a Palestina?

Na entrevista, a ministra Chacón fixo saber a Ehud Barak que, aproveitando a presidencia española da UE, José Luís Rodríguez Zapatero quer establecer relacións de Israel con a recentemente criada Unión para o Mediterráneo (UM), con sede en Barcelona, e avanzar nas relacións de Israel con a OTAN.

A respecto da UM, notemos apenas que ten un futuro incerto, por canto o anterior proceso euromediterráneo acabou en fracaso debido precisamente ao conflito palestino, que divide e confronta os países árabes da ribeira sul do Mediterráneo con Israel.

No tocante à segunda cuestión, a de avanzar nas relacións de Israel e a OTAN, cumpre lembrar o expresidente José María Aznar xa se pronunciou desde a FAES en diferentes ocasións sobre a necesidade de integrar Israel na Alianza Atlántica. Se o estreitamento de relacións vai nese sentido, se a alianza militar establece compromisos de defensa con Israel, esa alianza acabará convertida nun factor máis de división entre as dúas beiras do Mediterráneo e provocará un confronto máis vivo entre o eixo árabe-musulmano e o eixo euro-americano.

¹. Artigo publicado en *Setmanari Directa* (14/04/2010)

Ou sexa, un despropósito. A alianza entre o estado español e Israel por meio de convénios de colaboración militar non fai mais do que arrimar leña ao fogo do conflito árabo-israelita e pór obstáculos às boas relacións entre o Reino de España e a ribeira sul do mediterráneo.

RITOS *KOSHER* E RABINOS NOS MATODOUROS GALEGOS

A Consellaría de Economía e Industria da Xunta de Galiza organizou o pasado 14 de Abril un encontro bilateral Galiza - Israel para fomentar as alianzas empresariais entre os dous países.

En Decembro de 2009, foi constituída na Galiza a chamada Cámara de Comercio Galicia-Israel, delegación da cámara española, que ten entre outros proxectos o da importación da tecnoloxía necesaria para especializar algúns matadoiros galegos nos ritos *kosher*. Entre estes ritos está, por exemplo, a obriga de os animais morreren desangrados baixo a benzoñ de un rabino. A idea é "especializar parte da gandaría galega neste mercado e exportar o produto xa envasado a América, onde hai unha grande demanda de comida *kosher*", explica Francisco Linares, presidente da Cámara en entrevista publicada o 8 de Marzo no xornal *Expansión*. E onde hai tamén (acrescentamos nós) unha grande oposición a este tipo de métodos de matanza, nomeadamente dos grupos de defensa dos animais.

Mais, explica o Sr. Linares, Galiza non só resulta atractiva pola súa bos disposición a practicar os ritos *kosher*. Outro dos atractivos que ten a nosa terra para Israel é o seu solo industrial barato e unha mao de *obra trabajadora y no conflictiva*

"O trasfondo político de todo isto" -afirma Galiza por Palestina nun comunicado emitido o 12 de Abril- "é a dobre moral que se aplica por parte do poder político tanto ao estado terrorista de Israel como ao seu capital financeiro. (...) Mentres na Comunidade Internacional crecen os movementos de boicot aos produtos israelís como mínima medida de presión ante o capital sionista, o goberno galego non somentes favorece a cooperación económica con dito estado, senón que está a dar pulo ao desenvolvemento socioeconómico e á ideoloxía dun estado terrorista".

BDS: NOTÍCIAS DA CAMPAÑA

1. Segundo unha sondaxe realizada dous días despois do ataque à Frota da Liberdade, o 9,5% dos noruegueses practican xa activamente o boicote a produtos israelitas encanto outro 33,5% declara estar a favor da campaña. A sondaxe, elaborada polo Instituto InFact e publicada no xornal *Verdens*

Gang, mostra que só o 24,4% das persoas entrevistadas afirma opor-se ao boicote, encanto o 27,6% restante manifesta non ter opinión.

2. O sindicato de ensinantes do Reino Unido (UCU), con mais de 120.000 afiliados, aprobou o pasado día 31 de Maio tomar novas medidas de boicote académico contra institucións israelitas como Histadrut ou o coléxio Ariel, facer xestións con outros sindicatos para os instar a somar-se à campaña, reclamar dos poderes públicos a cancelación dos acordos con Israel e celebrar a partir deste ano unha conferencia anual sobre a campaña do BDS.
3. O sindicato sueco de traballadores portuários anunciou un boicote a buques israelitas ou que transporten mercadoría para Israel entre a meia-noite do 15 de Xuño e a mesma hora o día 24. Os estivadores reclaman que os responsábeis do ataque sexan levados perante a xustiza e que se levante o bloqueo de Gaza.
4. Nos EUA, con un 79,5% de votos a favor, os estudantes do Evergreen State College aprobaron un manifesto en que instan a Fundación da institución a cortar relacións comerciais con compañías que benefician da ocupación israelita de Palestina. Na mesma asemblea foi aprobada, neste caso con un 71,8% de votos a favor, unha resolución en que se insta a Fundación a non contratar en nengun caso equipamento da empresa Caterpillar Inc.. Esta empresa vende a Israel escavadoras que despois son utilizadas para reprimir o povo palestino, demoler as súas casas e arruinar os seus campos, argumentan, ao tempo que lembran que Rachel Corrie, aluna de Evergreen, foi esmagada en Rafah por unha escavadora Caterpillar conducida por soldados israelitas cando tentava evitar a demolición de unha casa palestina. Peden que Evergreen sexa declarado "Campus Cat-free".
5. O cantor inglés de orixe irlandesa Elvis Costello decidiu somar-se à campaña e cancelar os dous concertos que tiña programados en Israel. A política violenta do país xudeu en relación aos territorios ocupados de Palestina, o trato recibido polos cidadáns palestinos e a esperanza de que a música non sexa algo mais que iso e que os asistentes perceban o seu xesto como un alento para presionaren o seu goberno foron os motivos que o moveron. 'É un asunto de instinto e consciencia', afirmou.
6. As Forzas Militares norueguesas cancelaron un seminário de operacións especiais porque o Ministro da Defensa contestou a inclusión de un oficial do exército de Israel no programa. O porta-voz militar Major Heidi Langvik-Hansen afirmou que o Ministro da Defensa estaba descontento polo feito de un oficial israelita, identificado apenas como Coronel Toledano, vir dar unha conferencia a Oslo apenas algunhas semanas após o ataque mortal de Israel a à frota de axuda a Gaza.

UN BOICOT CON ÉXITO

A empresa israelita Eden Springs Ltd. (tamén coñecida como Mayanot Eden) engarrafa, comercializa e distribuí águ do Golán sírio, beneficiando directamente da explotación dos recursos hídricos de un territorio ocupado ilegalmente segundo o dereito internacional e onde son sistematicamente violados os dereitos dos seus habitantes.

Extraída do manancial coñecido como Salukia, a águ é engarrafada por Qatzrin (ou Katzrin), o maior colonato ilegal do Golán, construído onde antes había unha aldea de 474 habitantes destruída durante a ocupación.

A partir da década de 1990, Eden Springs Ltd. ampliou as súas operacións a toda Europa. A súa filial británica, Eden Springs UK Ltd., que fornece refrixeradores de águ a moitos organismos públicos, fixo o posíbel por ocultar a súa condición de empresa de propiedade israelita, chegando mesmo a estudar a posibilidade de mudar de nome para evitar os danos que poderían derivar-se da súa asociación con a empresa matriz.

En resposta a unha petición do grupo pacifista Gush Shalom de Israel, a plataforma *Scottish Palestine Solidarity Campaign* (SPSC) lanzou unha campaña de boicot que xa en 2008 conseguira obrigar Eden Springs UK Ltd. a fechar un armacén en Loanhead, perto de Edinburgo, por causa de numerosas rescisións de contratos.

Ainda que a águ utilizada por Eden Springs UK Ltd. non procede do Golán mesmo, o boicot baseo-se na convicción de que calquer empresa ou institución que faga negocios con esta empresa apoia os colonatos ilegais e os seus produtos, convertendo-se portanto en cómplice das violacións israelitas do dereito internacional.

Segundo a SPSC, mui poucos organismos do Reino Unido que utilizaban refrixeradores de águ Eden Springs sabían da súa condición de rama británica dunha empresa israelita. Por iso, a campaña comezou por dar a coñecer a universidades, empresas e oficinas municipais as violacións do dereito internacional cometidas pola empresa e os seus vínculos con a filial británica.

A seguir demandaron aos concellos e ao Parlamento de Escócia a cancelación de todos os contratos de Eden Springs con o sector público, argumentando que "o diñeiro público non debe financiar a ocupación ilegal". Entre outros, o boicot foi apoiado pola Caledonian MacBrae Ferries, os concellos das rexións East Lothian e West Lothian, o Consello de Sindicatos Escoceses e numerosos centros de ensino de todo o Reino Unido.

Tamén as xestións feitas xunto da empresa de xelados Ben & Jerry's, que se orgulla da súa imaxe ética e de comercio xusto, deu bons resultados. En Xuño de 1998, Ben & Jerry chegara a un acordo con Eden Springs Ltd. para utilizar exclusiva-

mente a águ desta empresa nos sorvetes fabricados en Israel. O colectivo solidario *New Yorkers for a Just Middle East Peace* (NYJMEP), con axuda de unha coalición de grupos, entre eles o *American-Arab Anti-Discrimination Committee*, organizou o envío de cartas á empresa para a instar a rescindir o seu contrato con Eden Springs, o que finalmente conseguiu.

O resultado de ambos os boicotes ilustra o potencial do movemento BDS para lograr resultados tanxíveis. As empresas de EE.UU. e Europa que teñen relacións comerciais con os violadores de dereitos humanos corren agora o risco de empañaren a súa propia marca e reputación. A opinión pública pode ser unha ferramenta útil para presionar as corporacións a actuaren de maneira consecuente na defensa dos dereitos humanos e contra a violación do dereito internacional.

APROPRIACIÓN DE BENS PÚBLICOS

Desde que en 1998 o goberno de José María Aznar aprovara o Real Decreto 1.867, que amplía as facilidades da Lei Hipotecaria de 1946 para a igrexa católica poder rexistar bens que carecen de propietario, este privilexio converteu-se nun serio problema para centenas de municipios. A maioría deles pequenas localidades cuxos concellos e veciños construíron, financiaron e mantiveron propiedades abandonadas durante décadas que agora pasan a ser propiedade da igrexa católica.

O Rexisto da Propiedade non especifica cantos destes bens foron imatriculados por esta entidade relixiosa desde 1998, xa que figuran a nome de diversas institucións. O único informe que existe foi o realizado polo Parlamento Navarro en 2008 no territorio da súa competencia. Daquela fixo-se un recuento das imatriculacións rexistadas en todos os xulgados da rexión entre 1998 e 2007 e puido comprobar-se que o arcebispo de Iruña e Tudela rexistara 1.086 bens, 60% dos cais son lugares de culto (igrexas, catedrais, ermidas...). Hai que ter en conta que até a ampliación de 1998, a igrexa católica só podía inscribirse no Rexisto da Propiedade fincas urbanas e rurais e agora fai-se con a propiedade de catedrais por apenas 30 euros. A de Iruña, por exemplo, que foi sempre conservada con diñeiro público (o último investimento foi de 15 millóns de euros) e que desde 2006 é propiedade privada da igrexa católica.

Unha norma anticonstitucional?

Segundo o Coléxio de Rexistadores da Propiedade e Mercantís, a igrexa católica pode rexistar fincas, prédios e outros espazos polo simple procedemento de alegar que lle pertencen "desde tempo imemorial", sen que a administración pública verifique a veracidade (ou falsidade) da afirmación

porque "se lle supón rigorosidade" (o que non acontece con outras igrexas).

Inicialmente, a norma franquista de 1946 permitía à igrexa católica rexistar todo tipo de propiedades que carecesen de dono mais, xa en 1947, o Art.5 do Regulamento Hipotecario excluiu "os templos destinados ao culto relixioso" desa posibilidade. En 1998, o goberno do Partido Popular retirou esa excepción.

"Se queren reclamar, deberían levar o arcebispado aos tribunais. Non queremos nada que non sexa noso", afirma Javier Aizpun, ecónomo diocesano e delegado episcopal para o patrimonio. "Até agora, ninguén o fixo", remata, ocultando que a lei Hipotecaria permite realizar as imatriculacións sen o coñecemento público o que fai con que moitos pequenos concellos só cheguen a saber da operación anos despois. Nesa altura teñen que impugnar o rexisto, demostrar que a igrexa non é titular e aportar unha documentación que ás veces nen sequer existe. E todo isto contra os poderosos medios legais con que conta a igrexa católica.

Alejandro Torres, profesor de Dereito Eclesiástico da Universidade Pública de Navarra, apunta unha posíbel saída legal: a inconstitucionalidade do texto: "Se nengunha confesión ten carácter estatal, por qué poden os bispos expedir certificacións de dominio con titularidade pública?" -pregunta-se- "Os demais temos que acudir a un notario para inscrever as nosas casas".

Escándalo monumental

A finais do pasado ano, a *Plataforma de Defensa do Patrimonio Navarro*, formada por 117 municipios que reclaman a natureza pública dos 1.086 bens anexados polo arcebispado navarro desde 1998, apresentou o libro *Escándalo Monumental* onde se documentan as 117 demandas de devolución destes bens: 650 templos parroquiais, 191 ermidas, nove basílicas, 42 vivendas, 26 locais comerciais e armacéns, dous adros, oito cemiterios, 107 fincas e solares, 38 pastos e prados, 12 viñas, olivares e arboredos e un frontón.

Tamén en Valéncia foi constituída unha plataforma civil para reclamar a devolución da fortaleza de Xàbia, rexistada polo arcebispado en Agosto de 2009. En Madrid houvo numerosas reclamacións cando o alcalde, Alberto Ruiz Gallardón, doou ao arcebispado 25.000 metros cuadrados de terreno público para a construción de un minivaticano.

En Ribadulla o campo da festa

Os viciños da aldea de Ribadulla, no concello de Santiso, uniron-se para defender o campo da festa, de 2.500 metros cuadrados, despois de coñecer o comunicado do bispado de Lugo que anunciava a venda da casa reitoral e o propio

campo. "Se non aceptades" -ameazou o obispado- "deixará de haver misa".

A primitiva igrexa de Ribadulla foi alagada polas augas da barraxe de Portodemouros hai agora 41 anos. En troca, a Hidroeléctrica Moncabril construíu outra e entregou 15.000 pesetas ao cura para comprar un novo campo da festa. Mais "en lugar de gastá-los nunha finca nova, que xa estaba elexida, entregou-nos esta, que ia na partida da igrexa, todo figura ben claro nos papéis", explica Luís García, viciño da aldea.

Ainda así, os viciños nunca se preocuparon de titular o terreno, excepto por unha anotación no catastro a nome da Asociación de Viciños. Para que rexistá-lo? No fin de contas todos, incluído o cura, sabían que era público.

Ao teren noticia da pretensión do bispado de Lugo de inscrever a finca ao seu nome, os afectados acudiron ao Rexisto da Propiedade e anotaron-na a nome de todos os viciños. O bispo, Alfonso Carrasco Rouco, denunciou pola vía penal 59 deles por apropiación indevida. O xuízo terá lugar este verao.

O caso de Paraños

Os viciños da aldea pontevedresa de Paraños, en Covelos, mantiveron con as súas doazóns e traballos a casa reitoral, que pertencía à igrexa católica, durante máis de cincuenta anos. Un día, alá por 2003, ao acabar a misa, o cura José Juan Sobrino explicou aos fregueses que cedería a vivenda a "unha boa persoa, funcionario de Patrimonio, que se comprometía a restaurar os retábulos e o edificio". En troca, a "boa persoa" tería dereito a alugar a casa durante 23 anos.

Mais para sorpresa de todos, a boa persoa logo pasou de inquilino a propietario. Comprou a Casa Reitoral polo módico prezo de 60.000 euros.

Despois de supostamente gastar 150.000 euros en reformas através de subsídios da Xunta, comprou a casa e a finca (4.600 mts. cuadrados) pola diferenza entre os 210.000 en que foi taxado o conxunto e os 150.000 euros que supostamente tería gastado en reformas: 60.000 euros a pagar en seis anos sen xuros por unha casa construída en 1827 que pouco despois el mesmo puña à venda na Internet por 680.000 euros.

Sr. Cura: mentir é pecado?

Con esta frase escrita nunha faixa que colocaron nunha vivenda diante da igrexa, os veciños de Paraños quixeron mostrar a súa indignación. Cando descubriron que a Reitoral estaba à venda foron falar co cura, que continuou negando a evidencia. Non sabían eles que o cura tiña os días contados en Paraños porque o retirara o bispo.

Despois foron falar con o bispo, que xustificou a venda polo deterioramento que sofria o edificio, cousa que os vici-

ños non entenden porque eles correron con os gastos de conservación até os anos 90. Mais tamén esa reunión estaba chamada a ser a última porque o bispo deixaría o seu cargo poucos meses despois.

Os viciños acabaron por presentar unha denuncia e agora o caso está nas maos dos tribunais, que investigan tamén se as reformas que se fixeron na casa (piscina, portón automático, antenas parabólicas,...) foron pagadas con diñeiro da Dirección Xeral de Patrimonio.

DENUNCIA POR ABUSOS EN CENTRO DE MENORES

Nenas tuteladas nun centro privado subsidiado por convenio pola Xunta de Galiza eran obrigadas a comer os propios vómitos e copiar mil veces as palabras que usaban con demasiada frecuencia nas súas conversas. Este é o testemuño das pequenas, de entre 6 e 13 anos, que viviron nun piso das aforas de Ourense, na rua Rio Casaio, o eco do seu calvario familiar. O seu relato, recollido pola Fiscalía de Menores de Ourense, mantivo-se intacto ao longo do tempo. Primeiro contaron o seu maltrato a inspectores do departamento de Benestar da Xunta. Repetiron-no despois ao director dos centros Lar de Galicia e corroboraron-no finalmente perante a Fiscalía. Sempre foi o mesmo.

Os cargos que imputa o fiscal ao director da rede de centros, Arturo Estévez, e ás educadoras do apartamento de Ourense Noemí Blanco e Vanesa Fernández -maltrato psicolóxico e contra a integridade moral da menor- levan aparelada a agravante, en tres casos, de abuso de superioridade.

DOSSIER COMPROMETEDOR

Un tratamento 'esquisito en todo momento' para catro das persoas que serían detidas e un 'tratamento [que] deberá perseguir obter unha manifestación que ratifique as imputacións xudiciais que existen' para o resto. Estas son as instrucións que recolle un *dossier* interno da Guarda Civil destinado aos axentes que participaron no operativo policial do 14 de Abril en Gipuzkoa e Biskaia... e que algun deses axentes esqueceu por descuido no rexisto. Ora, se aberrante é instruír axentes para que apliquen a persoas detidas un tratamento que ratifique *imputacións xudiciais previas* (e mesmo lembrar que outras deben recibir un *tratamento esquisito*), non menos grave é que os axentes cumpran sen dar un pio as pautas (ilegais) marcadas polos seus superiores.

Segundo todos os indicios, este parece ter sido o caso pois as declaracións realizadas polos detidos despois de esgota-

ren o período de cinco días de incomunicación, ignorando a existencia do esquecido *dossier*, concordan punto por punto con as instrucións recollidas nel: tratados con corrección uns, torturados outros .

O que implica polo menos estas dúas cousas:

1. que a tortura e os maus tratos no período de incomunicación responderon a un programa establecido previamente polos superiores;

2. que o xuíz responsable do caso (Grande Marlaska) ten agora no seu poder un instrumento importante para avaliar a credibilidade das denuncias das persoas que afirman ter sido torturadas. Outra cousa é que queira usá-lo.

TEDH A FAVOR DA LIBERDADE DE EXPRESIÓN

Despois de 15 anos de denuncias e recursos, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos deu finalmente a razón ao xornalista español José Luís Gutiérrez no seu litixio contra a sentenza que o declarava culpábel de violar "o dereito a manter a honra" do rei Hassan II de Marrocos e o obrigaba a pagar unha multa e publicar o texto íntegro no xornal de que era director na altura: Diario16.

A acusación baseou-se nun artigo aparecido neste xornal en que se tratava o decomiso no porto de Alxeciras de cinco toneladas de haxixe encontradas nun camión propiedade da casa real marroquina. Apesar de se citaren fontes policiais e se demostrar a veracidade da información, Gutiérrez e Rosa M^a López, autora do artigo, foron condenados por catro cortes españolas. En Abril de 2007, o caso foi levado ao TEDH que agora resolve a favor do xornalista e recrimina ao Reino de España por violar o artigo 10 da Convención Europea.

O ditame do Tribunal, que é inequívoco no seu apoio ao dereito fundamental da libre expresión do Sr. Gutiérrez, declara que "a información en cuestión era de interese público. O público español tiña o dereito a estar informado sobre o narcotráfico en que a familia real marroquina parecía estar involucrada, un asunto que ademais fora obxecto de investigación polos tribunais españois". "Congratulámonos da decisión do Tribunal Europeo como unha reivindicación do Sr. Gutiérrez, quen foi obxecto de acoso xudicial durante 15 anos", afirmou Javier Sierra, Director de Proxectos do World Press Freedom Committee (WPFC), organismo que iniciou as denuncias. "Cremos que é lamentábel que custase tanto tempo e a reprimenda do Tribunal Europeo que finalmente se fixese xustiza ao Sr. Gutiérrez . Esperamos que o Estado español aprenda esta lição e comece de unha vez por todas a reformar as leis obsoletas que se usaron para o sentenciar".

Esas leis son: a Lei Orgánica de Protección Civil do Dereito à Honra, à Intimidade Persoal e Familiar e à Própria Imaxe, de 1982, que incluí a figura do desacato civil, e a Lei de Prensa e Imprenta de 1966, que foi herdada da ditadura franquista. Apesar de ambas contraveniren estándares de liberdade de prensa internacionalmente aceptados, as dúas permanecen como espadas de Damocles que penden sobre os xornalistas españois, opina O WPF.C.

ROCÍO: 30 ANOS DE CENSURA

O pasado 26 de Maio, en Lisboa, na Livraria Ler Devagar, às 21 horas, a CULTRA (Cooperativa Cultura, Traballo e Socialismo) promoveu a exhibición do documentário *Rocío*, de Fernando Ruiz Vergara, un encontro invulgar con a historia recente española. Un filme incómodo, cuxa exhibición acabou sendo prohibida no Reino de España a raíz de unha denuncia apresentada o 23 de Febreiro de 1981 que acusava o director de inxurias graves, escárnio à relixión católica e ultraxe público

O filme, que analiza a historia da romaría, desvela o coñecido clasismo *rociero* e o uso político-cultural deste fenómeno social, identifica as vítimas e, sobretudo, os principais responsábeis da represión franquista en Almonte, local da famosas romaría que dá título ao filme.

En 1985, Luis Vives Marzal, na altura xuíz da sala segunda do Tribunal Supremo, censurou o documentário alegando que nel "... aflora unha inoportuna e infeliz lembranza de episodios acontecidos despois do 18 de Xullo de 1936, en que se escarnece un dos dous bandos contendentes, esquecendo que as guerras civís, como luita fratricida que son, deixan unha esteira ou rasto sangrento (...) que é indispensable inumar e esquecer se se quer que as xeracións posteriores convivan de forma pacífica".

O director foi condenado a pagar unha multa de 25 millóns de pesetas (uns 800.000 euros actuais) e a pasar tres meses nos calabouzos. O xuíz non permitiu que dezasete viciños de

Almonte testemuñasen para corroborar a veracidade do testemuño do viciño Pedro Gómez Clavijo.

Ainda hoxe, case 30 anos mais tarde, o documentário nunca foi exhibido na súa versión orixinal no Reino de España.

SANGUE FRIO E GARGALLADAS

Bradley Manning, de 22 anos, oficial dos servizos de intelixencia militar dos Estados Unidos, foi preso hai dúas semanas na Base de Operacións Hammer, a cerca de 40 quilómetros de Bagdad e, segundo informacións familiares, está sob custódia das autoridades norte-americanas no Kuwait. De acordo con as mesmas fontes, aínda non foi formalmente acusado mais supón-se que a detención está relacionada con o feito de ter alegadamente colocado à disposición do site Wikileaks, dedicado a divulgar documentos oficiais, millares de informacións sobre actividades militares e diplomáticas norte-americanas que os seus autores non queren ver difundidas. Entre os documentos que Manning supostamente publicou está o vídeo en que se vé como tropas norte-americanas abateron a sangue frío e às gargalladas unha decena de cidadás iraquianos, incluído un fotógrafo da Reuters.

Segundo responsábeis do Pentágono, o vídeo é auténtico. Mostra como tropas norte-americanas sobrevoando en Xullo de 2007 a rexión coñecida como Nova Bagdad a bordo de helicópteros Apache asasinaron a sangue frío un grupo de iraquianos "suspeitosos" e despois mataron tamén os que procuraban socorré-los.

Entre os mortos, abatidos con a frialdade de un xogo de playstation, estaba un repórter fotográfico da axencia Reuters, Namir Noor-Elden, e o condutor que o transportava, Saeed Chamag.

Na altura, o porta-voz oficial das forzas invasoras norte-americanas do Iraque informou que os mortos foran vítimas de un tiroteo entre soldados e revoltosos. A Reuters solicitou entón às autoridades norte-americanas, en nome da liberdade de información, as imaxes dos acontecementos. Non tivo éxito. A realidade só pudo ser coñecida cando o vídeo foi publicado polo Wikileaks.



BIBLIOTECA

O QUE FIXEMOS EN GALICIA. ENSAIO SOBRE O CONCEPTO DE PRÁCTICA XENOCIDA

Antonio Míguez Macho
Difusora, Ourense, 2009
Recensom de Antom Santos

‘As melhores análises nom procedem da contundência, mas da subtileza’. Assi expresa o autor do libro, nas conclusons da sua pesquisa, o sentido profundo que abre o termo *genocídio* para os estudos do primeiro franquismo na Galiza. Com efeito, numha realidade permanentemente mediatizada e na que os sentidos sucumbem à utilização desmedida e desproporcionada da palabra, mimetizando o estilo da imprensa, o que urge precisamente é *ponderar* os feitos.

Na Galiza nom precisamos exagerar nada nem carregar as tintas no sinistro. O nosso pasado cercano foi suficientemente traumático, e suficientemente duro, para que o único que necessitemos seja precisamente procurar a comprensom justa do acontecido. *O que fixemos en Galicia* revela, entre muitas outras cousas, que apenas o estudo comparado com outros massacres da modernidade pode deitar luz sobre o que hoje somos. Na Galiza de 36, como noutras latitudes em tempos mais cercanos, o novo poder conseguiu apor a condiçom de *estraneira* a umha parte da populaçom. A partir desta exclusom básica, aplicada a um amplo leque cidadao inassimilável no modelo político da coalizom reaccionária, dispujose um plano de eliminaçom que implicou absolutamente toda a sociedade. Perpetradores e vítimas, mas também passivos, retraídos e cúmplices em graus mui matizados, compugérom um quadro social que alimentou a memória traumática. A ditadura fortaleceu-se e perdeu através dum exitoso negacionismo que logo fijo seu a democracia de mercado. As achegas teóricas de estudos como estes servem para conhecer melhor quem somos e, a um tempo, manter-nos alerta contra umha ameaça que nunca foi devidamente esconjurada.

S	APRESENTACIÓN	1 ...
U	ESCALCA	2 ...
M	ANÁLISES E RELATÓRIOS	3 ...
Á	BREVES	9 ...
R	BIBLIOTECA	16 ...

I
O

C

O

L

A

B

O

R

A

N

Pilar Allegue
Laureano Xoaquín Araujo Cardalda
Carlos Aymerich Cano
Fernando Blanco Arce
Pedro Bouso Cedrón
Justo G. Beramendi
José Ángel Brandariz
Tony Bunyan
Sara Carou García
Pepe Carreiro
Marc Carrillo
Xoan Cons
Barbara Ehrenreich
Richard Falk
Xulio Ferreiro
Gustavo García
Valentín García
Pablo González Mariñas
Jeff Halper
Ben Hayes
Anxel Huete
Manuel Janeiro
Héctor López de Castro
Celso López-Pazos
Ramon L. Suevos
Gustavo Luca de Tena
Yasha Maccanico
Xaquín Marín
Eduardo Melero
Fernando M. Randulfe
Miguel Anxo Murado García
Pere Ortega
Guillermo Presa
Anxo Quintela
X. A. Ramos
Lucía Re
Rocío Anabel Rodríguez López
Suso Sanmartin
Antom Santos
Elvira Souto
Roch Tassé
José Luis Torrente
Gemma Ubasart i Gonzàlez
Vítor Vaqueiro
Valeiras
Rosa Mª Verdugo Matès
Mónica Zapico Barbeiro
Danilo Zolo